

# 1 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRA  
AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



Antonio Fraguas nace en 1905 en Loureiro, Cotobade. Consta como fillo de solteira e será recoñecido polo pai 8 anos despois, cando retorna da emigración. Este pretendía volver ao Brasil coa familia, mais o mestre de Famelga decátase do gran potencial do neno e aconséllalles que lle dean unha carreira.

Cursa o bacharelato en Pontevedra, onde é alumno de Castelao e Losada Diéguez. Estuda a carreira de Filosofía e Letras en Compostela e en 1928 comeza a dar clases na universidade. En 1932 casa con Teresa Martínez, a compañeira da súa vida.

Exerce como profesor no instituto da Estrada desde 1933 ata que, en 1936, é purgado do ensino pola súa ideoloxía e militancia. Volve á docencia en 1938, nunha academia privada, e en 1942 é readmitido na universidade. En 1950 recupera por fin a súa cátedra.

Don Antonio era cronista xeral de Galicia. De orixe humilde e con valores identitarios ben asentados, viviu coa ansia de recoller todo o que se estaba a perder da Galicia tradicional. Faleceu en 1999, aos 93 anos, e está soterrado no cemiterio de Boisaca.

*Antonio Fraguas Fraguas*

## 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

## APORTACIÓNS Ó CANCIONEIRO DE COTOBADE

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

VIDA E OBRA  
ESCOLMA DE TEXTOS



INS DA REAL ACADEMIA

A CORUÑA

19

Antonio Fraguas é un autor prolífico, que conta con dúzias de obras e máis de 1.300 publicacións espalladas en revistas, xornais e volumes colectivos. Nelas trata campos moi diversos do saber, como a antropoloxía, a historia, a xeografía, a etnografía e a biografía.

Na primeira etapa escribe artigos en *Nós e A Nosa Terra*. Participa no traballo "Mámoas do Saviñao" (incluído nos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*) e na obra *Terras de Melide*.

Na posguerra retomar a escrita, nesta ocasión en castelán e centrada nos estudos etnográficos. Non volverá ao

galego ata os anos sesenta, con "Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo".

En 1950 abre unha fase de publicacións moi vizosa, froito de anos de investigación: *Geografía de Galicia*, *Lugo*, *Manuel Murguía*, *Aportacións ó cancionero de Cotoabade*, *Aquilino Iglesia Alvariño. Vida e obra e Romarías e Santuarios* son algúns exemplos.

Desde o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega, continuará as súas investigacións, publicacións e participacións en congresos como ameno conferenciante ata os seus últimos días.

*Antonio Fraguas Fraguas*

# 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



Vigo



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



3

# ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRA

AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O ETNÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



BOLETÍN DECENAL

en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal



A infancia e mocidade de Antonio Fraguas coincide con dous movementos políticos que caracterizan as primeiras décadas do século XX galego: o Agrarismo e as Irmandades da Fala.

O seu coñecemento do mundo rural aproxímao aos valores do Agrarismo, que acada a organización do campesiñado en sindicatos e sociedades agrarias na loita contra os foros.

En 1924 funda en Pontevedra, con varios compañeiros, a Sociedade da Lingua para defender o galego e elaborar un dicionario.

Nese mesmo ano afíliase ás Irmandades en Santiago de Compostela.

Ese ambiente no que xorden editoriais, se fomenta o uso da lingua en actos públicos e se traballa na modernización da cultura e literatura galega será unha influencia fundamental para el, como se constata nos artigos que publica no xornal voceiro da asociación, *A Nosa Terra*.

A súa pertenza ás Irmandades foi o xerme para que entrase a formar parte do Partido Galeguista.

*Antonio Fraguas Fraguas*

17 DE MAIO DÍAS DAS LETRAS GALEGAS 2019



Vigo



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA

# 4 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999 OBRA

AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO

## ESTATUTO DE GALICIA



En 1931, ano da proclamación da II República, Antonio Fraguas asina con Álvaro de las Casas, Lois Tobío, Luís Seoane, Ricardo Carballo Calero, Primitivo R. Sanjurjo, Sebastián González e Ánxel Casal, entre outros, o *Manifesto de Ezquerda Galeguista*, que defende o “dereito indiscutible do pobo galego a autodeterminar o seu destino, no orde político”. Esta formación únese ao Partido Galeguista, que se funda o mesmo ano e que ten como obxectivo principal a redacción do Estatuto de autonomía.

Desde 1933 a 1936, Fraguas é o secretario do partido na Estrada. Nas eleccións xerais de 1936, participa como membro do Partido Galeguista na Fronte Popular e desenvolve un intenso labor na campaña en prol do Estatuto.

O golpe de Estado contra a República sorpréndeo cunha represión inmediata. Refúxiase na súa aldea e consegue salvar a vida. Todo ía mudar para quen abrazara a cultura, a renovación pedagóxica e a ideoloxía do Partido Galeguista.

*Antonio Fraguas Fraguas*

# 17 DE MAIO DÍAS DAS LETRAS GALEGAS 2019



# 5 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRA  
AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



En Compostela don Antonio atopa o lugar axeitado para desenvolver a súa vocación polo estudo da cultura galega. En 1928 ingresa no Seminario de Estudos Galegos (SEG), institución interdisciplinaria na que Galicia será obxecto de investigación. Os intelectuais do SEG dan a coñecer as súas pescudas nunha nova prosa científica en lingua galega.

O labor do Seminario estruturouse en varias seccións dirixidas por cadanseu coordinador. Fraguas intégrase na de Etnografía e Folclore, dirixida por Risco, e colabora a miúdo na de Xeografía, con Otero Pedrayo, ou na

de Prehistoria, con Cuevillas.

Dentro do SEG, ocúpase da biblioteca, impulsa a creación dunha hemeroteca e participa nas súas xeirás. Estréase nestas campañas en 1928, no Saviñao, onde realiza o inventario dos sepulcros megalíticos. En 1929 axúdalle a Cuevillas na catalogación de castros, traballo que verá a luz en *Terra de Melide*, unha das obras emblemáticas da institución.

En 1936, o golpe militar frea a importante traxectoria da institución, que é pechada decontado.

*Antonio Fraguas Fraguas*

## 17 DE MAIO DÍAS DAS LETRAS GALEGAS 2019

6

# FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999

OBRA

AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE

O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O BIBLIOFILO

O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



Non é posible entender a figura de Antonio Fraguas sen ter en conta o seu labor docente.

En 1928 iníciase como profesor na Facultade de Filosofía e Letras e no Instituto de Segunda Ensinanza de Santiago de Compostela. En 1933 obtén praza no instituto da Estrada. Don Antonio quere que o centro se converta en dinamizador do coñecemento e organiza ciclos de conferencias para mellorar o nivel cultural local. Co seu alumnado catalogará os castros e mámoas da zona.

Co inicio da guerra, é suspendido de emprego e soldo e destituído da súa cátedra. Sen posibilidade de continuar no ensino público mais decidido a seguir turrando a prol da cultura, funda en 1940 a Academia Menéndez Pelayo xunto co crego Ramón Davila. En 1942 retornará á facultade.

En 1950 volve gañar a cátedra e incorpórase ao seu destino no Instituto Masculino de Lugo. Remata a súa carreira como profesor no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

*Antonio Fraguas Fraguas*

**17 DE MAIO** **DÍAS DAS LETRAS GALEGAS 2019**



IES Álvaro Cunqueiro  
Vigo



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



# 7 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRAS  
AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O ETNÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO



Entre os campos do coñecemento aos que se dedica Antonio Fraguas, a xeografía e a historia ocupan un lugar fundamental.

No Seminario de Estudos Galegos, participa na catalogación de castros nas xeiras de Lemos, Deza, Fisterra e a Terra de Melide, que dará lugar á obra do mesmo nome. Na Sección de Xeografía realiza traballos sobre as Rías Baixas e as terras de Cotobade, que non chegarán a publicarse.

Preocupado pola divulgación da cultura, os froitos das súas investigacións están

presentes en multitude de publicacións, como a súa *Geografía de Galicia* (1953), onde non só estuda a xeoloxía, orografía e clima, senón que tamén repara na agricultura, paisaxe e poboación, por mor do seu forte vínculo cos valores tradicionais.

A súa principal achega á historia será a súa tese de doutoramento, un estudo do colexio-universidade fundado polo arcebispo Fonseca, que é orixe dos libros *Historia del Colegio de Fonseca* (1956) e *Los colegiales de Fonseca* (1958).



O Colexio  
de Fonseca

MÁMOAS DO Saviñao. - A anta de Abuime  
e a necrópole do Monte da Morá

## 17 DE MAIO

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

*Antonio Fraguas Fraguas*

Antonio Fraguas Fraguas



Vigo



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

# A FESTA POPULAR EN GALICIA

Antonio Fraguas Fraguas

*Cultura Popular*

## Romarías e Santuarios

Antonio Fraguas

**8 ANTONIO FRAGUAS**  
 ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS 1905 - 1999  
 OBRAS  
 AS IRMANDADES DA FALA  
 O PARTIDO GALEGUISTA  
 O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
 O MESTRE  
 O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
 O ETNÓGRAFO  
 O BIBLIÓFILO  
 O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO

Fraguas foi un orgulloso promotor da memoria, a historia e a lingua de Galicia. Contribuíu activamente a preservar a cultura material e espiritual do país.

Iniciase como etnógrafo no Seminario de Estudos Galegos. En 1930 recolle os costumes do Carnaval en "O Entroido nas terras do sul de Cotobade". A partir de entón, moitos serán os temas de contido antropolóxico dos seus artigos e libros.

Así, a relixiosidade, piar importante na súa vida, aparece en "O culto ós mortos" ou en *Romarías e santuarios*. As lendas, a

música, as cantigas, as coplas e todas as manifestacións da literatura oral de Galicia espertan o seu interese. A vestimenta, recollida en *El traje gallego*, as festas, usos, toda a cultura tradicional foxe do esquecemento grazas á súa obra.

Tal é o amor polo seu pobo que en 1956 elixe o patrimonio inmaterial da súa comarca natal como tema do discurso de ingreso na Real Academia Galega: "As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade".

*Antonio Fraguas Fraguas*

**17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019**



# 9 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRAS  
AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO

Non cabe dúbida do amor de Antonio Fraguas polos libros. Nel a palabra "bibliófilo" acada toda a súa extensión. Anecdoticamente, podemos datar a adquisición dos seus primeiros exemplares: en 1919, en Pontevedra, merca dous compendios de xeografía. Desde entón, a súa biblioteca persoal non deixará de medrar.

É bibliotecario do Seminario de Estudos Galegos, da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago, da biblioteca da Academia Galega de Ciencias, da do

Instituto Padre Sarmiento e da do Museo do Pobo Galego.

En 1994 dóalle ao Museo do Pobo Galego a súa biblioteca persoal, "o seu tesouro" de preto de 20.000 volumes, entre libros, revistas e folletos.

O seu saber enciclopédico e humanista provén en gran parte dos libros, mais a súa cultura tiña unha sólida base popular. Así o recoñecía o propio Fraguas ao definirse como "un home modesto, un aldeán e nada máis".

*Antonio Fraguas Fraguas*

## 17 DE MAIO DÍAS DAS LETRAS GALEGAS 2019

# 10 ANTONIO FRAGUAS

ANTONIO FRAGUAS 1905 - 1999  
OBRAS  
AS IRMANDADES DA FALA  
O PARTIDO GALEGUISTA  
O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS  
O MESTRE  
O HISTORIADOR E O XEÓGRAFO  
O ETNÓGRAFO  
O BIBLIÓFILO  
O DIRECTOR DO MUSEO DO POBO GALEGO

Antonio Fraguas e Xaquín Lorenzo son dous importantes promotores dun novo centro que abre as súas portas en 1977 en Santiago de Compostela: o Museo do Pobo Galego. Fraguas será o seu primeiro director e en 1989, tras o pasamento de Xaquín Lorenzo, asumirá tamén a presidencia.

Este museo antropolóxico recupera un antigo proxecto do Seminario de Estudos Galegos: o Museo Etnográfico de Galicia, unha institución que buscaba conservar, estudar e difundir a cultura material e espiritual da nosa terra.

Froito do gran labor realizado por Fraguas, hoxe en día conta cunha ampla colección de preto de 13.500 rexistros, que se expón en salas como a dos oficios tradicionais, a do campo ou a do mar.

Ademais, dispón dunha biblioteca, fonte de información de moitos investigadores; do Departamento de Educación e Acción Cultural, que organiza actividades dirixidas aos distintos públicos; e do Servizo de Publicacións, que leva ao prelo os documentos resultantes da súa actividade científica e expositiva.

*Antonio Fraguas Fraguas*

## 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019